



nota de prensa

Cuntis volverá saír á rúa para reclamar a reposición do servizo de pediatría

Logo da primeira concentración veciñal, a pasada semana, este venres repítese a convocatoria ante o caso omiso que o SERGAS lle fai aos veciños/as de Cuntis. Veciñanza mantén o chamamento aos veciños e veciñas de Cuntis para a concentración a celebrar este venres, ás 13:00 h, diante do Centro de Saúde. Así mesmo, recolle tamén as suxestións de varios veciños/as para estudar outro horario que facilite a asistencia de máis persoas

Cuntis. 14 de novembro de 2018

Tal e como estaba acordado e se anunciou a semana pasada, os grupos políticos da Corporación Municipal **mantemos a convocatoria de concentracións veciñais cada venres (13:00 h) para reclamar que a Xunta de Galicia repoña o servizo de pediatría**. O SERGAS fixo caso omiso, polo momento, desta protesta, pero cóstanos que tomou boa nota da mensaxe enviada dende Cuntis.

O pasado venres, 200 persoas –segundo datos do Concello- saíron á rúa malia a choiva que o dificultaba para esixirlle ao SERGAS que repoña a praza de pediatra que suprimiu en Cuntis. A afectación que están a padecer moitas familias de Cuntis debido a este novo recorte do PP súmase á longa listaxe de consecuencias das políticas de deterioro dos servizos públicos que caracterizan o goberno de Núñez Feijóo dende que accedeu á Presidencia da Xunta.

Cuntis súmase así ao clamor que en múltiples puntos do País se está a producir contra o deterioro da Sanidade que está a levar a cabo o Partido Popular. Dende as protestas dos/das profesionais dos PACs ata a actual folga do persoal de Urxencias do CHUS (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela). **Veciñanza mantén o chamamento aos veciños e veciñas de Cuntis para a concentración a celebrar este venres, ás 13:00 h, diante do Centro de Saúde. Así mesmo, recolle tamén as suxestións de varios veciños/as para estudar outro horario que facilite a asistencia de máis persoas** e tamén a petición dalgún veciño de incrementar o nivel das protestas.